

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE AGOSTO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de agosto de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, por substitución da Vicesecretaria, don Rafael José del Barrio Berbel, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E ASUNTOS XERAIS.- Aprobouse o procedemento para a autorización da instalación das casetas e caldeiros do polbo durante as Festas de San Froilán do ano 2021 (Expte. 2021-C005-000033).

Aprobouse a contratación da subministración de tarxetas cidadás. Expte. Ref. 2021-C004-000020. Adxudicación.

Aprobouse a contratación da subministración de placas balísticas para a Policía Local (Lote 1) e de pezas de uniformidade (Lote 2). Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref. 2021-C004-000025.

Aprobouse a contratación da obra 'Proyecto básico y de ejecución de termas de agua caliente en no medicinal (caldas); incluído en el programa operativo FEDER Orden HAP/2427/2015, de 13 de noviembre con financiación del 80%. Expte. Ref. 2021-C002-000022. Adxudicación.

Aprobouse a contratación da subministración de 48 traxes de intervención de tipo estrutural con arnés integrado con destino ao Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Excmo. Concello de Lugo (Bombeiros Lugo). Expte. Ref. 2020/C004/000015. Resolución de expediente de imposición de penalidade por incumprimento do prazo de entrega.

Aprobouse a modificación do contrato de prestación de servizo de cociña, comedor e lavandería para as Escolas Infantís Municipais Serra de Outes (Lote 1) Expte. Ref. 2020-C003-000006.

ACTAS E GOBERNO

RBB/cal

Refª: ispac2413850241807925115.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-8-2021

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

2. XESTIÓN.- Denegouse a solicitude formulada para o proxecto de obras ordinarias para rampla de acceso á Igrexa de Santiago A Nova.

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Aprobáronse as licenzas para actuacións de mellora na fachada do edificio de vivendas sito na rúa Río Oribio, 4 (Expte.: 2021/Y001/000173); para realizar traballos de mantemento da Muralla Romana de Lugo, campaña 2021-2022 (Expte.: 2021/Y001/000110) e para rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Ramón Montenegro, número 13 (Expte: 2021/Y001/000056).

Denegouse a licenza para parcelamento da parcela sita no Núcleo Rural Tradicional de Matelo-Santa María Alta (Expte: 2021/Y005/000001).

ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL

4. MEDIO AMBIENTE.- Apróbase a subvención nominativa á “Asociación Protectora de Gatos da rúa Michos de Lugo” para a concesión de subvención coa finalidade de financiar o proxecto para favorecer o control sanitario dos gatos en colonias urbanas no termo municipal de Lugo para o ano 2021.

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Aprobáronse as propostas de estimación e desestimación dos recursos de reposición interpostos en relación ao “Plan de reactivación económica”.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.